

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

## Proceso e condicións de admisión de colaboracións

### 1. Presentación de colaboracións

*Cadernos de fraseoloxía Galega* é unha revista internacional anual de temática fraseolóxica que ten tres obxectivos fundamentais: difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos; contribuír á reflexión sobre o ámbito fraseolóxico de calquera lingua; dar a coñecer os eventos e as publicacións máis importantes verbo da fraseoloxía, moi especialmente da fraseoloxía galega. Esta revista entende o termo **fraseoloxía** nun sentido amplo, dando cabida non só ás locucións, senón tamén ás colocacións, aos termos compostos sintagmáticos, ás fórmulas e ás paremias. Consonte estes obxectivos, a revista subdivídese en catro seccións:

**Estudos:** publicaranse artigos de investigación orixinais sobre fraseoloxía, aceptándose tanto reflexións de corte esencialmente teórico como traballos aplicados (tradución, didáctica, fraseografía...). O corpus de análise pode ser o repertorio fraseolóxico de calquera lingua e tamén se admite a comparación entre os corpóra de diferentes linguas.

**Recadádivas:** publicaranse recolleitas orixinais de fraseoloxía galega.

**Recensións:** publicaranse recensións críticas orixinais de obras recentes de temática fraseolóxica de calquera lingua ou país.

**Novas:** daranse a coñecer recursos, congresos, proxectos, traballos e publicacións (obras recibidas na Redacción) que teñan relación co ámbito fraseolóxico. Farase fincapé na difusión de traballos académicos inéditos e de fraseografía espontánea.

Os artigos que se proponhan para publicar en *Cadernos de fraseoloxía Galega* teñen que ser **orixinais e inéditos**, é dicir, quedan excluídos os publicados anteriormente noutro formato ou idioma e tampouco deben estar postulados ou aceptados para a súa publicación noutra revista.

**1.1.** A lingua de publicación é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo gratuíto de tradución ao galego para aqueles artigos que resulten admitidos e que estean redactados noutra lingua. Nesta tradución utilizarase preferentemente

a linguaxe inclusiva aínda que o texto orixinal non faga uso dela e evitárase, en todo caso, a discriminación de xénero. Os artigos que cheguen á Redacción poden estar escritos en calquera lingua románica da Península Ibérica, en francés, en italiano ou en inglés.

**1.2. Cadernos de Fraseoloxía Galega** editouse en papel ata o número 17, 2015, e a partir do número 18 ofrécese só en versión dixital, gratuíta e en PDF no enderezo <https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/index.html>

**1.3.** A publicación dos traballos será gratuíta. Os traballos deben elaborarse sobre as follas de estilo que se poden encontrar en [https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/directrices\\_autores.html](https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/directrices_autores.html). Así mesmo, as contribucións deben respectar as normas de estilo da revista, as cales se poden consultar en [https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/normas\\_de\\_estilo\\_CFG.pdf](https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/normas_de_estilo_CFG.pdf). A aplicación destas normas será condición *sine qua non* para a aceptación final e publicación do traballo en cuestión. Como se pode comprobar nesa guía de estilo, todos os artigos deben chegar encabezados por un resumo e palabras clave no idioma orixinal e en inglés. Cando os traballos achegados posúan máis dunha autoría, deberá indicarse o criterio escollido para decidir a orde de sinatura, así como a contribución específica de cadaquén.

A extensión desexable para os artigos da sección **Estudos** é de aproximadamente 40 000 caracteres; as **Recensións** deberán ter unha extensión máxima duns 20 000 caracteres e, en ningún caso, a extensión mínima poderá ser inferior ás 3 páxinas. Excepcionalmente, pódense admitir traballos de maior extensión. No caso das **Recadádivas**, recoméndase unha extensión similar á dos **Estudos**, pero faranse algunhas excepcións en consideración ao carácter do material recollido.

**1.4.** Os orixinais deberán remitirse en versión electrónica (compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC) ao enderezo electrónico **paremias@cirp.gal**. No caso de ser preciso, o autor deberá facer chegar á Redacción da revista os permisos necesarios que aseguren o respecto á propiedade intelectual na reprodución dos materiais utilizados no artigo. Para tal caso, o enderezo postal é o seguinte: **Cadernos de Fraseoloxía Galega. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Rúa de San Roque 2, 15704 Santiago de Compostela. Galicia (España).**

**1.5.** A data límite para o envío de traballos potencialmente publicables no ano en curso é, en principio, o 1.º de marzo, podendo ser ampliable segundo as circunstancias. O Consello de Redacción fará unha primeira lectura dos traballos recibidos para determinar se cumpren cos requisitos mínimos para a súa publicación. En caso afirmativo, remitiranse como traballos **anónimos a dúas persoas expertas** (membros ou non do Consello Científico), que deberán emitir **cadanseu informe tamén anónimo** sobre a calidade e a conveniencia da súa publicación. Seguirase nisto un sistema de **dobre anonimato**, polo que nin o persoal avaliador coñecerá quen é o autor ou autora do traballo nin estes coñecerán a identidade dos avaliadores. Para que o artigo se publique, os dous informes deben ser positivos; no caso de que só unha das avaliacións recomende a publicación, o traballo remitirase a un/ha terceiro/a avaliador/a e o ditame deste será definitivo. De aceptarse a publicación con reservas, a autora ou autor disporá aproximadamente de dúas semanas para presentar as alegacións aos cambios solicitados ou realizar xa as oportunas modificacións.

En recibindo os traballos modificados, o Consello de Redacción deberá acordar a súa aceptación ou o rexeitamento definitivo. O derradeiro día para notificar a aceptación ou o rexeitamento dun traballo é, en principio, o 15 de xuño, aínda que, en función da marcha do proceso global de avaliación de traballos, o Consello poderá ampliar esa data.

**1.6.** O Consello de Redacción só poderá alterar levemente os traballos recibidos e o obxectivo destas alteracións será o de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos.

**1.7.** Todas as universidades de España e Portugal e tamén fraseólogas/os de Europa, América e África recibirán noticia puntual da nova publicación de **Cadernos de fraseoloxía Galega**, que poderán consultar gratuitamente na web do CRPIH ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)). Por outra parte, **Cadernos de fraseoloxía Galega** figura en elencos bibliográficos importantes e manteñen hiperligazóns a diversas páxinas de referencia, como se especifica na páxina de créditos.

### **1.8. Condicións de difusión e copyright**

**Cadernos de fraseoloxía Galega** publícase unicamente en formato electrónico desde 2017 e está dispoñible de forma gratuíta en [www.cirp.gal](http://www.cirp.gal) (páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de Santiago de Compostela).

Ao publicar en **Cadernos de fraseoloxía Galega**, o autor ou autora cede todos os dereitos de explotación do seu artigo ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de Santiago de Compostela, que, coas condicións e limitacións dispostas pola lexislación en materia de propiedade intelectual, é o titular do copyright. Esta titularidade concede ao dito Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o dereito para todo o mundo a:

- publicar de balde a versión final do artigo na revista e distribuílo e/ou comunicalo publicamente, tanto na revista en si coma noutros medios relacionados, en formato impreso, dixital ou calquera outro que poida inventarse no futuro;
- traducir ou realizar *abstracts* do artigo e distribuílos e/ou comunicalos publicamente, e autorizar ou ceder a terceiros o mesmo dereito;
- depositar copias ou referencias do artigo en arquivos en liña tanto en plataformas propias do devandito Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coma en plataformas de terceiros autorizadas polo devandito Centro.
- publicar os artigos en varios formatos (pdf, html, xml, epub etc.) co fin de facilitar o hipertexto e o procesado automático do contido das publicacións.

As/Os autoras/es, universidades ou sociedades científicas que desexen incluír nos seus repositorios un ou varios artigos sempre deberán cumprir estas dúas condicións:

- que o texto (incluído o formato) sexa exactamente o de **Cadernos de fraseoloxía Galega**;
- que sempre estea clara, visible e íntegra a referencia bibliográfica (revista, número, ano, páxinas, e-ISSN etc.).

## 2. Instrucións para revisores/as

### 2.1. Obxectivo da revisión

O obxectivo da revisión é determinar se o artigo avaliado posúe o interese e a calidade suficientes para ser publicado, con ou sen modificacións, en **Cadernos de fraseoloxía Galega**, ou se, pola contra, debe ser rexeitado.

### 2.2. Enfoques da revisión

#### 2.2.1. Interese temático

Na sección **Estudos** de **Cadernos de fraseoloxía Galega** publicaranse artigos de investigación orixinais sobre fraseoloxía, aceptándose tanto reflexións teóricas como traballos aplicados (tradución, didáctica, historia...). O corpus de análise pode ser o repertorio fraseolóxico de calquera lingua. Na sección **Recadádivas** publicaranse recolleitas orixinais de fraseoloxía galega. Nos dous casos esta revista entende o termo *fraseoloxía* nun sentido amplo, dando cabida non só ás locucións, senón tamén ás colocacións, aos termos compostos sintagmáticos, ás fórmulas e ás paremias. Tendo isto en consideración, a persoa encargada da revisión deberá indicar se o artigo obedece ou non aos criterios temáticos de publicación.

#### 2.2. Calidade

A/O revisora/or deberá indicar, así mesmo, se o artigo reúne os requisitos mínimos de calidade para ser merecente de publicación. Neste sentido, deberá ter en conta os seguintes aspectos:

Estudos	Recadádivas
- <b>Orixinalidade e relevancia:</b> o autor ou autora fai unha achega nova e relevante para o campo investigado?	- <b>Presentación das unidades recollidas:</b> o autor ou autora ofrece un criterio organizativo das expresións? As expresións están correcta e sistematicamente lematizadas? No seu caso, as definicións están correcta e sistematicamente presentadas?
- <b>Adecuación da metodoloxía:</b> o autor ou autora emprega unha metodoloxía axeitada?	
- <b>Adecuación das conclusións:</b> están plena e axeitadamente xustificadas as conclusións do traballo a partir dos datos expostos?	- <b>Información:</b> o autor ou autora ofrece todos os datos relevantes relativos á recolleita (metodoloxía, coordenadas espazo-temporais, criterios de selección...)?
- <b>Presentación da información:</b> o autor ou autora organiza e expón a información axeitadamente?	
- <b>Explotación da bibliografía:</b> o autor ou autora emprega para a súa investigación a bibliografía precisa? É adecuada a discusión bibliográfica?	- <b>Metodoloxía:</b> o autor ou autora emprega unha metodoloxía axeitada no que atinxe á recolleita e selección das expresións?

#### Presentación da revisión

A persoa encargada da revisión deberá cubrir o formulario que acompañará estas instrucións. De acordo co exposto, deberá *indicar* e *xustificar* se o traballo se axusta aos intereses temáticos

da revista. Só no caso de que a resposta sexa positiva, deberá *indicar* e *xustificar* tamén se o traballo se axusta aos criterios de calidade da revista.

Aínda que os criterios de calidade foron desdoblados en varios aspectos, que deben ser atendidos na revisión e comentados no informe, a persoa avaliadora poderá organizar libremente a súa exposición. En calquera caso, xustificaranse tódalas apreciacións realizadas, sexan positivas ou negativas. Tamén sería aconsellable que, na súa argumentación, a/o avaliadora/or diferenciase entre observacións fundamentais e observacións secundarias.

Os comentarios do/a revisor/a débense vincular a unha toma de decisión sobre a publicación do traballo. Deste xeito, deberá indicar se o artigo:

a) pode publicarse sen modificacións	c) pode publicarse, pero con importantes modificacións
b) pode publicarse, pero con modificacións menores	d) non se pode publicar

No caso de que as opcións marcadas sexan c) ou d), a persoa encargada da revisión deberá explicar con claridade cales son os cambios que se deben realizar para que o traballo poida ser publicado. Esa explicación deberá ir acompañada da correspondente xustificación ou da correspondente remisión aos comentarios verbo da calidade do artigo.

### Estilo da revisión

O informe debe ser claro e preciso. Rogamos que sexa especialmente nido na exposición dos aspectos que cómpre modificar para que o artigo se poida publicar e que ofrezca a referencia completa de calquera traballo ao que remita.

A propósito, lembramos que un dos obxectivos fundamentais dos procesos de revisión é contribuír a mellorar a calidade dos traballos a través da crítica construtiva e obxectiva. Neste sentido, pregamos que se atenda a este cualificativo e que se eviten expresións acerbas que poidan desanimar as/os autoras/es dos traballos no seu proceso investigador (quen revise debe ter en conta que o artigo podería ser da autoría dun investigador ou dunha investigadora que se está iniciando e que a súa revisión crítica e construtiva a/o pode axudar a mellorar ou reconducir aspectos básicos do seu método de traballo).

### Proceso da revisión

O avaliador ou avaliadora debe remitir o formulario de revisión á Secretaría de Redacción (vanferpa\_5@hotmail.com) no prazo máximo de *quinze días* desde a recepción do traballo, que poderá ampliarse segundo as circunstancias. Cada artigo será enviado a dúas persoas revisoras e só en caso de discrepancia entre elas se remitirá a unha terceira, cuxo ditame será definitivo. A Secretaría de Redacción comunicarlles ás/aos autoras/es a aceptación (provisional, isto é, suxeita a modificacións, ou definitiva) das colaboracións ou o seu rexeitamento. A comunicación realizarase mediante un informe razoado elaborado pola Secretaría de Redacción a partir dos formularios entregados polo persoal avaliador. Eventualmente ,poderán incluírse estes na súa versión íntegra pero sempre desprovistos de todo elemento textual ou informático que permita identificar os/as avaliadores/as.

Se o traballo resulta provisionalmente aceptado, a Secretaría de Redacción da revista deberá incluír no seu informe unha listaxe coas suxestións dos avaliadores. A persoa autora terá un prazo máximo de quince días, ampliable segundo as circunstancias, para realizar as oportunas modificacións ou, no seu caso, as alegacións aos cambios solicitados. A revista, pola súa vez, terá un prazo máximo de dez días, ampliable segundo as circunstancias, desde a recepción do traballo modificado, ou das alegacións, para notificar a aceptación ou o rexeitamento definitivo deste. Puntualmente, a Secretaría de Redacción poderá remitir o traballo modificado ao persoal avaliador para que este informe sobre a adecuación das modificacións realizadas aos cambios solicitados. Así mesmo, poderán enviarse as alegacións presentadas pola autora ou autor para que o persoal avaliador xustifiquen positiva ou negativamente a súa pertinencia.

O sistema de arbitraje é de dobre anonimato, de xeito que nin os/as autores/as dos traballos deben coñecer o nome de quen as/os avaliou nin os o persoal avaliador coñecer o nome das persoas autoras. Por tal motivo, prégase que no informe non se inclúa comentario ningún que poida desvelar a identidade da avaliadora ou avaliador.

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

## Submission and review of original contributions

### 1. Submission process

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* is an international journal of phraseology published on a yearly basis with three main objectives: (1) to spread unpublished material about phraseology in Galician, (2) to contribute to the reflection on phraseology in any language, and (3) to compile and spread the most important events and publications related to phraseology, especially those related to Galician phraseology. In this journal, phraseology is understood as a broad term that includes not only locutions, but also collocations, syntagmatic compound words, formulae and paroemias. In accordance with these objectives, the journal is divided into four sections:

**Estudos/Papers:** original research articles on phraseology will be published. Both essentially theoretical reflections and applied works (translation, didactics, phraseography...) will be accepted. Corpora of analysis may be a phraseological catalogue in any language.

**Recadávivas/Compilations:** original compilations about Galician phraseology will be published.

**Recensións/Reviews:** original critical review of recent works about phraseology in any language and from any country will be included.

**Novas/News:** references to resources, conferences, projects, articles and other publications (received at the editorial department) will be compiled and included in this section as long as they are related to phraseology. The journal will focus on the dissemination of unpublished research works.

Articles submitted to *Cadernos de fraseoloxía Galega* have to be **original and unpublished**: previously published articles in any language or format will be excluded, including those that have already been submitted to another journal or accepted by it.

**1.1.** The language of publication is Galician, following the standards established by the Real Academia Galega. A free translation service into Galician will be offered to authors whose

articles have been accepted but are written in another language. In this regard, articles may have been written in any Romanic language of the Iberian Peninsula, as well as in French, Italian or English. The translation will include the application of gendered-inclusive language.

**1.2. Cadernos de fraseoloxía Galega** has been a paper-based journal until issue 17 (2015). Since then, it is only published online, and the PDFs are available for free at <https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/index.html>.

**1.3. Cadernos de fraseoloxía Galega** does not charge any fee for processing, editing or publishing an article. Articles must be written using the template available at [https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/directrices\\_autores.html](https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/directrices_autores.html). Likewise, all contributions must abide by the journal's guidelines, available at [https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/normas\\_de\\_estilo\\_CFG.pdf](https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/normas_de_estilo_CFG.pdf). Not complying with these guidelines may imply the non-acceptance of the contribution. As stated in said template, every article must contain an abstract and keywords both in the original language of the article and in English. The criteria followed to determine the signing order of authors, in those articles written by multiple authors, must be indicated.

**Articles** aimed at the **Estudos (Papers)** section should have a length of about 40,000 characters. **Recensións (Reviews)** should have a maximum length of 20,000 characters and under no circumstances shall the journal accept reviews with a length under 3 pages. Notwithstanding, the editorial board may accept longer contributions in exceptional occasions. **Recadávivas' (Compilations)** length is recommended to be that of the articles. However, some exceptions can be made considering the compiled material.

**1.4.** An electronic version of the originals (compatible with the most common text editors for PC) should be sent to [paremias@cirp.gal](mailto:paremias@cirp.gal). If necessary, authors must also submit by post all the copyright permissions to ensure that the publication complies with intellectual property legislations on reproduction of contents. If that is the case, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* address is: **Cadernos de Fraseoloxía Galega. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Rúa de San Roque, 2, 15704, Santiago de Compostela. Galicia (Spain).**

**1.5.** The **deadline** to submit papers that could be potentially published is March, 1. The editorial board will read all the received works to determine if they meet the minimal standards to be published. If so, then a **peer-reviewed** process will be started, where **two experts** from the field (not necessarily members of the editorial board) will examine the **anonymized** paper and submit an unidentified report about the quality and pertinence of said work. The use of a **double-blind** system implies that reviewers do not know who the author is, and, at the same time, authors will not know the identity of their reviewers. Both reviews must be positive so the article could be published. If only one of the reviewers recommend the publication of the paper, a **third expert** will be asked to review it and their decision shall be final. If a publication is conditionally accepted, authors will have two weeks to make the appropriate changes or to submit a justification of their disagreement.

Once the contribution has undergone the required amendments and a copy of the corrected version has been received at the editorial department, the editorial board will decide if said



contribution is definitely accepted or rejected. The deadline to notify acceptance or rejection is usually June, 15. However, depending on the general process of the evaluation, the editorial board could expand this deadline.

**1.6.** The editorial board is only allowed to slightly modify the received contributions. The aim of these changes is to correct mechanic or linguistic mistakes.

**1.7.** All universities in Spain and Portugal, as well as phraseologists from Europe, America and Africa will be notified of the new issue of **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, which would be available for free at [www.cirp.gal](http://www.cirp.gal). On another note, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** is indexed in important databases and reference websites, as specified on the credits page.

### **1.8. Copyright and permissions**

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** is only published in electronic format and can be found at [www.cirp.gal](http://www.cirp.gal) (official website of Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela). When publishing an article in **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, authors transfer all exploitation rights of the article to Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (hereinafter, CIRPH), located in Santiago de Compostela (Spain). The CIRPH will be the copyright holder under the conditions and with the limitations prescribed by intellectual property laws. This allows Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades to internationally:

- publish a final version of the article in the journal, and distribute it or publicly communicate it, both in the journal itself and in other related media, such as print, digital or yet-to-be invented formats;
- translate and make abstracts of the article, and distribute them, publicly communicate them or transfer this right to third parties;
- deposit an online copy or a reference to the article in platforms owned by Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela, as well as in platforms owned by third parties and authorized by the CIRPH.
- publish the manuscript's in different formats (pdf, html, xml, epub, etc.) in order to facilitate hypertexts and an easier automatic processing for academic databases

Authors, universities, and scientific societies that want to include one or several articles in their repositories will always need to comply with the following conditions:

- the text and its format must be exactly the one published by **Cadernos de Fraseoloxía Galega**;
- the bibliographical reference must be always clear, visible, and complete (journal, issue, year, pages, ISSN/e-ISSN, etc.).

## 2. INSTRUCTIONS TO REVIEWERS

### 2.1. Aim of the review

The aim of reviewing is to determine if the evaluated contribution has quality and pertinence enough to be published (with or without modifications) in *Cadernos de Fraseoloxía Galega* or if should be rejected.

### 2.2. Reviewing approach

#### 2.2.1. Thematic interests

Under the *Estudos (Papers)* section, original research articles about phraseology are published. Both theoretical reflections and applied research (translation, didactics, history, etc.) will be considered. The analysis corpus can be a phraseological repertoire in any language. On another note, under the *Recadávivas (Compilations)* section, original compilations of Galician phraseology are included. In both sections, the concept “phraseology” is understood in a broad sense: it includes not only locutions, but also collocations, syntagmatic compounds, formulae and paroemia. Considering the above, reviewers must indicate if articles comply with the journal’s thematic approach.

#### 2.2.2. Quality

Reviewers must point out if an article meets the minimum quality requirements to be published. The following aspects must be considered:

<b>Estudos (<i>Papers</i>)</b>	<b>Recadávivas (<i>Compilations</i>)</b>
- <b>Authenticity and relevance:</b> does the author offer a new, relevant contribution within the research field?	- <b>Presentation of the compilation:</b> does the author offer an organizational criterion of the phrases? Are these phrases properly and systematically lemmatized? In this case, are the definitions properly and systematically presented?
- <b>Adequacy of the chosen methodology:</b> does the author apply a suitable methodology?	
- <b>Adequacy of the conclusions:</b> are the conclusions completely and suitably justified on the basis of the presented data?	- <b>Information:</b> does the author offer all the relevant data related to the compilation (methodology, spatial-temporal coordinates, selection criteria, etc.)?
- <b>Presenting the information:</b> does the author properly organize and present the information?	
- <b>Use of the bibliography:</b> does the author use the accurate bibliography in their research? Is the bibliographical discussion pertinent?	- <b>Methodology:</b> does the author apply a suitable methodology concerning the compilation and selection of phrases?

### Submitting a review

Reviewers must fill the form attached to these instructions. Thus, they must indicate and justify if the contribution complies with the thematic interests of the journal. If the review is positive, they must also indicate and justify if the contribution complies with the quality criteria of the journal.

Even though the quality criteria have been organized according to several aspects that must be considered during the review and commented in the report, reviewers are free to organize its presentation as they wish. In any case, all the examined aspects must be justified, regardless of them being positive or negative. Reviewers are also encouraged to discern between fundamental and secondary observations in their report. All the comments made by the reviewers must be related to a decision about publishing the contribution or not. Thus, the report must state if:

a) the article can be published without modifications	c) the article could be published, but minor changes are needed
b) the article cannot be published	d) the article could be published, but major changes are needed

If options c) or d) are suggested, reviewers must make clear what changes are needed so the article can be published. These suggestions must be justified or refer to the quality review.

### Style of the review

The report must be clear and precise. Reviewers are encouraged to be especially careful when describing what aspects need changes so the article can be published. Thus, a complete reference of the works the reviewer is referring the author to should be provided.

One of the main goals of a revision process is to contribute to the improvement of a contributions' quality by facilitating a constructive and objective critical assessment. In this regard, reviewers are urged to avoid acerbic expression that may discourage authors during their research. Reviewers must always consider that articles may have been written by early-stage researchers that could benefit from a constructive review, improving or redirecting the basic features of their working method.

### The review process

Reviewers must send their reviewing report to the Editorial Secretary (vaneferpa\_5@hotmail.com) within 15 days since the reception of the article. Each article will be sent to two different reviewers. In the event of discrepancies between their reports, a third reviewer will be contacted, and their decision will be unappealable. The Editorial Secretary will inform the author about the reviewers' decision, which can be the final or conditional acceptance of the article or its rejection. This notification will be a reasoned report made by the Editorial Secretary and based on the reviewers' reports. In some cases, the full version of the reviewers' reports can be sent to the author. However, they will not contain any information that could allow the identification of the reviewers.

If a work is conditionally accepted, the Editorial Secretary will include the reviewers' suggestions within the report. The author must submit the reviewed article or a statement where the reasons to dismiss such changes are stated no later than 15 days after the reception of the report. On another note, the journal will have a deadline of 7 days since the reception of the reviewed article or the statement of dismissal to notify its final acceptance or rejection. Under specific circumstances, the Editorial Secretary could send the reviewed contribution back to the reviewers, so they can verify that the changes comply with the journal standards.

Furthermore, the author's statement of dismissal could be sent to the reviewers, so they can assess its relevance.

The arbitration system is a double-blind revision, so authors do not know who the reviewers are, and reviewers do not know the authors' identity. Thus, reports must not contain any comment that could identify the reviewer.



ó caldo. Cabeceira...  
Cando os toxos boten uvas.  
ó peito (a alguén). Chove-lo  
cousa a galiña morta. Como  
Deus é bo pero o demo non  
tres nun zapato. Estar coma  
Babia. Estar entre o caldeiro  
empre dálle que dálle. Estar  
e mercala na praza. Falar do  
buxo. Gañar cos dentes para  
s a un. Haber mar de fondo.  
ha cesta. Ir na grade. Máis se  
por medio. Medir polo ferrado  
Molla-la palleta. Músicos de  
e dá na virada. Non me parece  
on ser cura de can. Oír campás  
auga do mar. Os tempos son  
da-lo aire do morto. Pola fresca.  
rta e a auga na horta. Querer  
ito do galego. Saír dun souto e  
alguén). Se o fillo sae ó pai saca  
es de onte pra acá. Ser coma as  
e casa grande. Ser máis os nenos  
n can merendeiro. Te-la antena  
na Habana. Ter (algo) na

A cera que vai...  
a cera. Andar mal do tellado. Anaar no...  
moita andada. Aristocracia do pan de millo. Botar pa  
Cambia-los ollos polo rabo. Cambiarlle a auga ó mot  
Canta-lo peixe. Cargar para Navia. Chegarlle o ma  
mar chovido. Chover coma nas películas. Coller unh  
Deus o trouxo ó mundo. Darlle ó trapo. Dar que fal  
é malo. Empreñar do aire e parir do vento. Estar con  
un can. Estar coma un congro /unha uva. Estar en  
e a cruz. Estar na aldea e non ve-las casas. Estar  
sempre ó remo. Facer unha América. Falar da caz  
comer coas enxivas. Gustarlle as cousas moi dere  
Haber un formigueiro de xente. Ir coma un rei nu  
perdeu na guerra de Cuba. Mandar a un a Noia. M  
da Garda. Meter un trifásico. Molla-la palabra  
Mondoñedo. No tempo de María Castaña. Non che  
do caso. Non poñe-los ovos todos na mesma cesta.  
e non saber onde as tocan. Ollos verdes coma  
chegados. Pasa-la Cruz de Ferro. Petar na porta. P  
Poñer neve no mes de agosto. Quere-lo sol na p  
atranca-lo ceo coas pernas. Radio Disque. Requ  
meterse noutro. Saírlle o río Anllóns polos ollos (e  
de dúbidas a nai. Se-lo negocio da ameixa. Señ  
nitas aue poñen fóra. Ser da primeira apaña. Ser  
de correr en branco. Ser



XUNTA  
DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑERO  
PARA A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA